

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

DIRECCIÓN DO CPI AS REVOLTAS

DECRETO 2/2017, do 11 de decembro, de creación da o Comisión Electoral Central (CEC) do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños.

De acordo co previsto no ditame da Dirección do CPI As Revoltas, do día 28 de febreiro de 2017

DISPOÑO:

Artigo 1

Créase a Comisión Electoral Central (CEC) do CPI As Revoltas, como órgano de control e xestión das eleccións estudiantís en Cabana de Bergantiños.

Artigo 2

Estará composta por cinco profesores do CPI As Revoltas que non participarán en ningunha actividade partidaria e manterán unha neutralidade estrita en todos os procesos electivos.

Artigo 3

As funcións do CEC serán:

- a.- A inscrición e legalización dos partidos actúantes no CPI As Revoltas e participantes nos seus procesos electorais.
- b.- A inscrición dos partidos e coalicións participantes en cada proceso electoral.
- c.- A organización de cada proceso electoral concreto.
- d.- A presidencia das mesas electorais.
- e.- O recuento dos resultados e a elaboración das actas para a exposición pública dos mesmos.
- f.- A publicación dos mesmos no XOC.
- g.- A entrega das Actas de Representante a cada persoa electa.

Artigo 4

Para as eleccións ao Congreso de Estudantes do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños de 2018 a CEC estará composta polos seguintes profesores:

Presidenta: Milagros Diéguez Taboada

Secretaria: Laia María Fernández Rial

Vogais: Rosalía Fernández Rial, José Ramón Varela Rey e Xoán Gabeiras Vérez

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Xornal Oficial do Centro.

Cabana de Bergantiños, onces de decembro de dous mil dezasete

Ana Fuentes

Directora

